

XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE ESTUDIOS

HISTÓRICOS DE GALICIA

REUNIÓN DE 14 DE SETEMBRO DE 2010

Na cidade da Coruña e sé da *Biblioteca Municipal de Estudios Locais*, previa convocatoria circulada hai días, reuniuse a Xunta Directiva da *Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia* coa a presidencia de José Luís López Sangil e a asistencia dos vocais e socios: Demetrio Díaz Sánchez, Luis Gorrochategui Santos, Amparo Hernández Segura, Manuel Vidán Torreira, Benito Figueroa Aldariz, tesoureiro, e eu mesmo Javier López Vallo, secretario.

Non asistiron o vocal de conferencias José Alfeirán Rodríguez, vicesecretario e vocal de subvencións Jesús Ángel Sánchez García, vocal de excursión Ana Fernández Matarán, vocal da revista *Nalgures*, José Enrique Benlloch del Río, xunto cos vocais sen asignación de funcións Carlos de Castro Álvarez, Alfredo Erias Martínez, Ana María Romero Masiá e Rafael Tobío Cendón.

Sendo as vinte horas carenta minutos, o presidente deu por aberta a sesión e comezáronse a tratar os puntos da orde do día.

1.- Informe do presidente.

Deu conta da correspondencia recibida agradecendo o envío de *Nalgures* ou enviándonos publicacións.

2.- Estado de contas. Cotas pendentes.

O tesoureiro, Benito Figueroa, indicou que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ingresounos unha subvención destinada á publicación de *Nalgures*. A Xunta Directiva fixo constar a súa gratitude por este xesto de xenerosidade, imprescindible para a publicación da nosa revista.

Tamén indicou o mesmo tesoureiro que o saldo na nosa conta tras o pagamento por mantemento da páxina web e positivo.

Polo que atinxe ás cotas pendentes Demetrio Díaz somete á consideración dos reunidos a posibilidade de sopesar tres casos: aqueles que nunca pagaron ou so pagaron a primeira cota; aqueloutros que non abonan as súas cotas hai xa anos, e por último, os que tan so teñen pendente un pagamento. A Xunta Directiva tivo por moi razoable esta argumentación e acordou facerllo saber ao socio e administrador da Asociación, José Luis Pardo Caeiro para non dar de baixa aos que se atopen na última situación.

3.- Decisión sobre impresión de Nalgures nº 6. A súa financiación.

O presidente comunica que fixo varios intentos para a maquetación deste número 6 da nosa revista, acadando unha extensión aproximada de 300 páxinas no seu procesador de textos. Entre os artigos admitidos e aqueles aos que se lles reservou espazo teríamos un traballo de Ana Romero Masiá e Carlos Pereira Martínez; Mercedes Fernández-Couto Tella; Juan Burgoa Fernández; José María García Osuna; Manuel Vidán Torreira, Gonzalo Prado González; Rafael Tobío Cendón; e José Enrique Benlloch del Río.

O tesoureiro insistiu, unha vez mais, en non superar o gasto previsto na edición e distribución do número 6 para así ter unha cantidade en conta de uns mil euros. O presidente pedirá presuposto á imprenta Lugami de Betanzos tendo en conta esta previsión.

4.- Impresión dun díptico sobre a Asociación.

O presidente puxo á disposición dos demais membros da Xunta Directiva un díptico deseñado fundamentalmente por Juan Burgoa. Unha vez examinado acordouse imprimilo, previa petición de presuposto, tanto en copisterías como en imprentas, aceptando aquel que resulte mais económico.

5.- Altas e baixas.

Non se produciron altas nin baixas desde a última reunión.

6.- Programación de próximas excursións.

Os reunidos tiveron en conta que as mais numerosas son aquelas que os desprazamentos son curtos. Debateuse a posibilidade de facer unha excursión á costa da morte que foi desbotada polo de agora acordando desprazarnos a Moeche e Cedeira o vindeiro 25 de setembro, onde existen diversos bens patrimoniais de interese.

7.- Programación de conferencias e outros actos.

Non se acadaron acordos neste punto.

8.- Realización de actividades en Ferrol.

A proposta de Juan Burgoa acordouse potenciar as nosas actividades na cidade departamental. Luis Gorrochategui ofreceuse para impartir unha conferencia sobre o ataque inglés a Ferrol do ano 1800. Os presentes consideraron o interese da iniciativa de Juan Burgoa e acordaron prestarlle a súa colaboración para a celebración dos actos.

9.- Rogos e preguntas.

O presidente chamou a atención sobre a necesidade de que todos os socios se comprometan dun ou doutro xeito, en maior ou menor grao, nas actividades da Asociación á que pertencen para evitar que sexan sempre os mesmos compañeiros

quen dinamicen e leven adiante as tarefas.

Manuel Vidán propuxo non empregar o topónimo Alfoz (Lugo) nun dos pes que acompañan a unha das imaxes do díptico por tratarse dun topónimo deturpado, sustituíndoo por A Foz. Os reunidos, malia ter en conta as razóns de peso aportadas, decidiron aceptar o topónimo que figura no *Nomenclátor* de Galicia, Alfoz.

E sendo as vintedúas horas carenta e dous minutos, despois de ser lida esta acta e aprobada, o presidente levantou a sesión de todo o cal eu, secretario, certifico.

José Luis López Sangil, presidente

Javier López Vallo, secretario